

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E O CONCELLO DE FERROL (SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL) PARA A FORMACIÓN DE ESPECIALISTAS DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA PERTENCENTES Á UNIDADE DOCENTE MULTIPROFESIONAL DE ATENCIÓN FAMILIAR E COMUNITARIA DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE FERROL

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

REUNIDOS

Concello de Ferrol
ALCALDIA

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde e presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conselheiro de Sanidade
en xefe do DCC de Benestar Social

E doutra parte, Don Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde, e don Leopoldo Moure García, Secretario Xeral, respectivamente, do Concello de Ferrol con CIF N° P1503700E e domicilio social en Praza de Armas s/n – 15402 Ferrol. A Coruña.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

Consellería de Sanidade
Ferrol

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos aos mesmos, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Segundo.- Que polo decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación, incluída a formación sanitaria especializada, no sistema público de saúde de Galicia. A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da consellería de Sanidade.

Terceiro.- Que o Concello de Ferrol, entidade local galega exerce entre outras competencias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, a participación na xestión da atención primaria da saúde e a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.

Cuarto.- Que o interese de estas entidades é colaborar na formación de especialistas de Enfermería Familiar e Comunitaria da Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.

O desenvolvemento científico e tecnolóxico acompañado dunha mellor formación e capacidade resolutiva dos profesionais sanitarios derivan en unha mellora na calidade e oferta dos servizos de Atención Primaria de Saúde, o que supón o incremento na demanda dos seus servizos, e é neste punto onde a especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria responde ás demandas de saúde motivadas polos cambios sociais dos últimos anos.

Quinto.- Que no Boletín Oficial do Estado num. 157 de martes, 29 de xuño de 2010, sección III, publícase a Orden SAS/1729/2010 de 17 de xuño, pola que se aproba e publica o programa formativo de especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria. Para obter o título da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria, os/as especialistas en formación cumprarán o programa formativo nas unidades docentes multiprofesionais de Atención Familiar e Comunitaria, acreditadas para a formación, durante un período de dous anos a tempo completo.

Entre os contidos formativos de cada unha das áreas competenciais que integran este programa, atópanse a atención ás persoas anciáns, ás familias e á saúde ante situacións de fragilidade ou risco sociosanitario e tamén, todo o relacionado coa Saúde Pública e Comunitaria e coas súas competencias docentes.

Os Servizos de Benestar Social do Concello constitúen un medio idóneo no que levar a cabo as rotacións dos especialistas e das especialistas de enfermería familiar e comunitaria en formación, coa finalidade de que adquiren as competencias nas áreas anteriormente descritas.

Sexto.- Que o Concello de Ferrol, a través da súa Concellería de Benestar Social, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a través da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, están de acordo en axuntar esforzos dentro do marco de competencias que é propio de cada un deles, para atender proxectos de interese común.

Polo anteriormente exposto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto do presente convenio é establecer e regular a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e o Concello de Ferrol a través das unidades, centros ou dispositivos socio-sanitarios do Servizo de Benestar Social para

un axeitado desenvolvemento do itinerario formativo no que o/a especialista en formación, adquira as competencias avanzadas ademais das súas competencias específicas como especialista en Enfermaría Familiar e Comunitaria, no ámbito familiar e comunitario, singularmente as recollidas no Anexo I deste convenio, todo isto dentro do marco dos principios de interdisciplinariedade e multidisciplinariedade dos equipos profesionais na atención sanitaria.

A fin de cumprir o devandito obxectivo, os especialistas e as especialistas en formación participarán no coidado da saúde das persoas, familias e comunidades, dunha forma continua e nos distintos aspectos da promoción da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación no seu entorno e contexto sociocultural.

Segunda.- Destinatarios

Os destinatarios da formación serán aqueles titulados/as de Enfermaría que, durante o prazo de vixencia do convenio, superen as correspondentes probas selectivas anuais para o acceso a prazas de formación sanitaria especializada correspondentes á especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria, e obteñan praza en formación na Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.

Terceira.- Titorías

O/A titor/a asignado ao especialista en formación, encargárase de adecuar o cronograma do período formativo as necesidades formativas e as características persoais de cada especialista en formación e corrixir as deficiencias formativas, a ser posible, que se produzan durante a residencia.

O/A titor/a contará no Concello de Ferrol cun colaborador docente (nomeado pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol) que participará na organización, titorización, supervisión e avaliación da rotación dos especialistas en formación polo dispositivo.

Cuarta.- Organización da formación

As rotacións terán lugar nas unidades, centros ou dispositivos sociosanitarios dos Servizos de Benestar Social do Concello de Ferrol durante o primeiro ou segundo ano de formación, sendo planificadas para cada especialista en formación no seu plan individual de formación, que se axustará ao itinerario formativo aprobado pola Comisión de Docencia a proposta do/da seu/súa titor/a.

Os especialistas en formación, supervisados polo colaborador docente asignado, colaborarán co concello, ao longo da súa formación, nas actividades comunitarias que se precise.

Quinta.- Compromisos que asumen o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde a través da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol.

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

1. A Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol comunicará ao Concello de Ferrol, a través da Concellería de

Benestar Social, os datos dos profesionais que realizarán a formación obxecto do presente convenio así como os contidos e obxectivos das rotacións correspondentes, coa suficiente antelación ao inicio das mesmas.

2. A Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol nomeará ao colaborador docente no Concello de Ferrol, certificándolle a realización do labor desempeñado a efectos do seu recoñecemento.

Sexta.- Compromisos que asume o Concello de Ferrol

O Concello de Ferrol asume os compromisos de:

1. Por a disposición dos/as especialistas en formación do programa, tanto as instalacións como os medios materiais necesarios para o desenvolvemento da súa formación, así como propoñer aos profesionais que desenvolverán as funcións de colaboradores docentes.
2. Garantir, dentro do réxime interno do centro, os dereitos derivados da súa estancia no mesmo, sempre na súa condición de especialista en formación.
3. Informar á Unidade Docente Multiprofesional de Atención Familiar e Comunitaria da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol de calquera circunstancia excepcional relacionada coa estancia do/a especialista en formación nas súas instalacións.

Sétima.- Vinculación

A Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol comprométese a abonar ao especialista en formación a totalidade das súas retribucións durante a rotación. A rotación non poderá constituir ningún vínculo laboral ou contractual co concello, e polo tanto o/a especialista en formación non poderá percibir ningún tipo de contraprestación económica por parte deste.

Oitava.- Comisión mixta de seguimento do convenio

Para a realización do seguimento de execución do presente convenio constituirase unha comisión mixta de seguimento composta por unha representación paritaria de cada unha das partes, designada ao efecto por cada entidade.

Esta comisión reunirse polo menos unha vez ao ano, para analizar o desenvolvemento da formación práctica e establecer posibles melloras na mesma. Tamén se reunirá, con carácter extraordinario, cando sexa necesario resolver calquera conflito derivado do desenvolvemento da formación obxecto do presente convenio.

Novena.- Causas de resolución do convenio

O presente convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

1. Por mutuo acordo das partes, nos seus propios termos.
2. Por incumprimento o irregularidades graves na execución do convenio.
3. Por denuncia das partes poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos con dous

meses de anticipación á data na que desexara deixalo sen efecto.

4. Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas noutra normativa que resulte de aplicación, de modo específico ás previstas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En todo caso, haberán de ser terminadas as accións que no seu momento atópanse en curso ou estea comprometida a súa realización. Así mesmo, en canto a outros posibles efectos da resolución, estarase ao previsto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décima.- Resolución de conflitos

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión mixta de seguimento e, de persistir, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

Undécima.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluídas as relacións negociais entre as partes.

Duodécima.- Vixencia, prórroga e modificación do convenio

O prazo de vixencia deste convenio será de catro anos desde o día seguinte ao da súa firma, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas. En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumpridos no correspondente curso académico.

Décimo terceira.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.



Informacións favorables a Xek do decc. de Borob de J



De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.




Décimo cuarta.-Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termo previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo quinta. - A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algún para as institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria.

E en proba de conformidade asinase por triplicado o presente convenio no lugar e data anteriormente indicado.

Conselleiro de Sanidade  Jesús Vázquez Almuiña	Alcalde do Concello de Ferrol  Jorge Juan Suárez Fernández	Secretario xeral do Concello de Ferrol  Leopoldo Moure Garcia
---	---	--

ANEXO I


SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE FERROL

COMPETENCIAS	ACTIVIDADES	1º ANO	2º ANO	COMPETENCIAS XERAIS
Identificar e mobilizar os recursos (propios, da rede social e/ou comunitaria) que mellor se	5 participaci3ns de coordinaci3n de recursos sociosanitarios.			A atenci3n 3s persoas anci3ns.

SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE FERROL

COMPETENCIAS	ACTIVIDADES	1º ANO	2º ANO	COMPETENCIAS XERAIS
adapten ás necesidades dos maiores e seus/súas cuidadores/as.				
Planificar, desenvolver, executar e avaliar, xunto con outros profesionais e especialistas, programas de prevención das complicacións e problemas de saúde mais frecuentes nos maiores no seu entorno familiar e comunitario.				A atención ás persoas anciáns.
Detectar e intervir de modo precoz sobre os problemas de saúde prevalentes nos maiores no seu entorno familiar e comunitario.				A atención ás persoas anciáns.
Detectar e intervir precozmente en situacións de fragilidade ou illamento social das persoas anciáns.				A atención ás persoas anciáns.
Identificar necesidades e promover o uso adecuado de materiais e instrumentos de axuda e adaptación necesarios para realizar as actividades básicas da vida cotiá.				A atención ás persoas anciáns.
Xestionar a capacidade das persoas cuidadoras familiares para a atención da/o anciá/n no ámbito familiar.				A atención ás persoas anciáns.
Desenvolver programas de saúde para a atención en situacións de dependencia.				A atención ás persoas anciáns.
Xestionar os cuidados dirixidos ás persoas cuidadoras familiares do entorno familiar.				A atención ás persoas anciáns.
Realizar intervencións que promovan a saúde e preveñan problemas familiares, con especial atención ás situacións problemáticas e de crise.				A atención ás familias.
Fomentar a saúde e a integración	5 visitas de pacientes/familias			A atención á saúde

Definición ferrol Xefe do Servizo B. Benestar



SERVIZOS DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE FERROL

COMPETENCIAS	ACTIVIDADES	1º ANO	2º ANO	COMPETENCIAS XERAIS
de grupos excluídos ou en risco de exclusión social (inmigrantes, minorías étnicas e outros colectivos).	de alta complexidade ou risco de exclusión social.			ante situacións de fragilidade ou risco socio-sanitario.
Analizar a situación de saúde da comunidade efectiva con institucións, servizos comunitarios e cos diferentes niveis de atención dos servizos de saúde.	2 actividades de vixilancia epidemiolóxica (establecementos alimentarios, manipuladores de alimentos, comedor escolar, mercados, toma de mostras...) ou participación de 2 programas de saúde en ámbitos laborais da comunidade.			Competencias vinculadas coa saúde pública e comunitaria.
Establecer unha comunicación efectiva con institucións, servizos comunitarios e cos diferentes niveis de atención dos servizos de saúde				Competencias vinculadas coa saúde pública e comunitaria.
Elaborar os obxectivos de aprendizaxe.	Participar na elaboración de 2 materiais divulgativos educativos.			Competencias vinculadas coa docencia.
Determinar o plan de ensino que mellor se adapte ás necesidades/demandas identificadas.				Competencias vinculadas coa docencia.
Decidir as fórmulas pedagóxicas que se utilizarán e que mellor se adapten a cada caso concreto	Participar na decisión de metodoloxía pedagóxica.			Competencias vinculadas coa docencia.
Xestionar e facilitar a preparación e utilización adecuadas do material didáctico necesario para impartir o ensino	Participar na avaliación da aprendizaxe.			Competencias vinculadas coa docencia.
Xestionar a aplicación do plan de ensino.				Competencias vinculadas coa docencia.
Avaliar a consecución do aprendizaxe das persoas e do ensino polas persoas.				Competencias vinculadas coa docencia.
Deseñar textos de divulgación: folletos, protocolos, artigos de opinión.				Competencias vinculadas coa docencia.

Concello de Ferrol

ADIV. EDUCACIÓN E CULTURA
F.28.2006/004

